



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes
Sección de Educación e Cultura
Expediente: 2024000010341
Referencia: BINV-CS/2024

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A CONCESIÓN DEFINITIVA DAS BOLSAS INVESTIGACIÓN 2024 – ÁREA DE CIENCIAS DA SAÚDE

Don Valentín González Formoso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Logo de ver os seguintes antecedentes:

Primeiro.- Por resolución da presidencia número 30742, do 22 de xullo de 2024, aprobouse a adxudicación provisional das Bolsas investigación 2024, na área de ciencias da saúde, e concedeuse un prazo de 10 días para comunicar, se fora o caso, a desistencia da solicitude, presentar alegacións ou emenda de erros.

Segundo.- Comprobouse pola unidade xestora que no prazo de alegacións concedido presentáronse as seguintes desistencias, alegacións e/ou emendas:

*** Elena Madinabeitia Mancebo**

Con data 29 de xullo a interesada presenta alegacións solicitando a revisión da puntuación asignada no currículo vitae. O xurado emitiu informe respondendo as alegacións e ratificando a puntuación acadada, o cal foi notificado á interesada.

*** Marta Sevilla Sánchez**

Con data 29 de xullo a interesada presenta a desistencia a súa solicitude, polo que pasa a ser titular da bolsa o primeiro suplente, Miguel Boullon Cassau.

*** Nuria Seoane Lloves**

Con data 8 de agosto a interesada presenta alegacións solicitando a revisión da puntuación asignada no currículo vitae. O xurado emitiu informe respondendo as alegacións e ratificando a puntuación acadada, o cal foi notificado á interesada.

*** Rebeca Santamarina Fernández**

Con data 8 de agosto a interesada presenta alegacións solicitando a revisión da puntuación asignada no currículo vitae. O xurado emitiu informe respondendo as alegacións e ratificando a puntuación acadada, o cal foi notificado á interesada.

*** Aitor Picos Martínez**

Con data 9 de agosto o interesado presenta alegacións solicitando a revisión da puntuación asignada no currículo vitae. O xurado emitiu informe respondendo as alegacións e ratificando a puntuación acadada, o cal foi notificado ao interesado.

*** Alba Paz Castro**

Con data 9 de agosto a interesada presenta alegacións solicitando a revisión da puntuación asignada no currículo vitae.

De acordo co informe emitido polo xurado, procede modificar a puntuación inicial por non terse valorado o título de mestrado que figuraba achegado no apartado do expediente académico, polo que a puntuación definitiva do curriculum vitae é a seguinte:

Doc-tor	Mestra-do	Proxec-tos I+D+I	Publica-cións	Con-gresos	Estancias	Idiomas	Total CV	Total CV prorratea-do
0	0,75	0	0,04	0,25	0,17	0	1,21	0,69

A modificación na puntuación do currículo vitae, modifica a puntuación total da solicitude que pasa a ser de 7,79 puntos.

Esta puntuación altera o orde das persoas suplentes, situando á solicitante na terceira posición. Tendo en conta a desistencia da solicitude presentada por unha das solicitantes que tiña unha bolsa concedida de forma provisional, quedaría de segunda suplente.

O tribunal ratificou a puntuación acadada no resto dos apartados, o cal foi notificado á interesada.

Terceiro.- Detectouse que na resolución de concesión provisional figuraba un erro na puntuación de **Carmen Quintela Vilariño** no apartado de expediente académico, sendo a puntuación correcta 2,21 no lugar de 2,20, polo que a puntuación total pasa a ser 7,76, o que modifica a orde das persoas suplentes. Na proposta definitiva do xurado figura como quinta suplente. Tendo en conta a desistencia da solicitude presentada por unha das solicitantes das bolsas, quedaría de cuarta suplente.

Cuarto- Tras unha revisión de oficio dos expedientes, detectouse que non foi valorado o título de mestrado da solicitante **Julia Leira Morano**, o cal se atopaba no apartado de expediente académico. O xurado fixo unha nova valoración incluíndo este mérito, sendo a puntuación definitiva do currículo vitae a seguinte:

Doctor	Mes-trado	Proxec-tos I+D+I	Publica-cións	Congre-sos	Estan-cias	Idiomas	Total CV	Total CV prorratea-do
0	0,75	0	0,06	0,05	0	0	0,86	0,49

A modificación na puntuación do currículo vitae, modifica a puntuación total da solicitude que pasa a ser de 7,74 puntos.

Esta puntuación altera o orde das persoas suplentes, situando á solicitante na sétima posición. Tendo en conta a desistencia da solicitude presentada por unha das solicitantes das bolsas, quedaría de sexta suplente.

Vistos os informes dos servizos de Acción Social, Cultural e Deportes e de Fiscalización.

RESOLVO:

Primeiro.- Estimar parcialmente as alegacións presentadas por Alba Paz Castro, modificando a súa puntuación en base ao indicado no antecedente segundo.

Segundo.- Desestimar as alegacións presentadas por Elena Madinabeitia Mancebo, Nuria Seoane Lloves, Rebeca Santamarina Fernández e Aitor Picos Martínez , en base ao indicado no antecedente segundo.

Terceiro.- Aceptar a desistencia da solicitude presentada por Marta Sevilla Sánchez, de acordo co indicado no antecedente segundo.

Cuarto.- Corrixir a puntuación acadada por Carmen Quintela Vilariño e Julia Leira Morano, de acordo co indicado nos antecedentes terceiro e cuarto.

Quinto.- Conceder definitivamente as bolsas ás seguintes persoas:

Titular da bolsa: MIGUEL BOULLÓN CASSAU

DNI: ***2751**

Expediente: 2024000017198

Obxecto da bolsa: Desenvolvemento e avaliación de marcadores epigenéticos con aplicacións forenses

Importe da bolsa: 10.000 €

Titular da bolsa: HELENA ROUCO TABOADA

DNI:***5413**

Expediente: 2024000018209

Obxecto da bolsa: *Emprego de transportadores lipídicos nanoestruturados cargados con antibiótico para o tratamento de infeccións bacterianas cutáneas*

Importe da bolsa: 10.000 €

Titular da bolsa: ELENA MADINABEITIA MANCEBO

DNI: ***1980**

Expediente: 2024000018233

Obxecto da bolsa: Impacto da fatiga no control motor e risco de caídas

Importe da bolsa: 10.000 €

Persoa beneficiaria: LIDIA LORENZO CATOIRA

DNI:***5259**

Expediente: 2024000018277

Obxecto da bolsa: *LncRNAs asociados a vesículas extracelulares no cancro de ovario*

Importe da bolsa: 10.000 €

Titular da bolsa: NURIA SEOANE LLOVES

DNI: ***3047**

Expediente: 2024000018113

Obxecto da bolsa: *Activación da ruta do AMP cíclico na barreira hematoencefálica: unha nova estratexia terapéutica fronte ás enfermidades neurodexenerativas*

Importe da bolsa: 10.000 €

Titular da bolsa: MARTA BOURDELANDE GARCÍA

DNI: ***2229**

Expediente: 2024000018187

Obxecto da bolsa: *¿Decídese mellor ao seguir unha dieta de restrición calórica?*

Importe da bolsa: 10.000 €

Titular da bolsa: SABELA CAAMAÑO TEIXEIRA

DNI: ***5468**

Expediente: 2024000018198

Obxecto da bolsa: *A encima AMPK como diana chave na loita contra o glioblastoma*

Importe da bolsa: 10.000 €

Sexto.- Nomear suplentes ás seguintes persoas, pola orde que se indica:

Primeiro/a suplente: Martínez Borrajo, Rebeca

Segundo/a suplente: Paz Castro, Alba

Terceiro/a suplente: Quaranta Díaz, Patricia

Cuarto/a suplente: Quintela Vilariño, Carmen

Quinto/a suplente: García Pose, Andrea

Sexto/a suplente : Leira Morano, Julia

Sétimo/a suplente: Santamarina Fernández, Rebeca

Oitavo/ suplente: Berjawi , Lama

Noveno/a suplente: Picos Martínez, Aitor

Decimo/a suplente: Sánchez Rebón, Bianca

Undécimo/a suplente:Díaz-Garzón Dopico, Laura

Duodécimo/ suplente:González Baizán, Ángela

Sétimo.- Dispor o gasto das bolsas concedidas con cargo a aplicación 0612/3262/481, por importe de 70.000 €

Co fin de habilitar o crédito necesario para afrontar o gasto total das bolsas da Área de ciencias da saúde, por importe de 70.000,00 €, procede realizar as seguintes operacións contables:

- Anular os documentos contables “RC/” número 220240006066 por importe de 40.000 € e “A/” número 220240009094 por importe de 40.000 €
- Emitir documento contable “RC” por importe de 70.000 € e documento contable “A” por importe de 70.000 €

Oitavo.- Publicar a presente resolución definitiva na sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña, co que se entenderá notificada ás persoas interesadas, de acordo co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor alternativamente recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación.

Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se exercite calquera outro recurso que se estime pertinente.